

SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 18 DE XUÑO DE 2020

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Rogos do PP

1º rogo. En virtude da disposición final 2ª do Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao Covid-19, modificouse a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, engadindo un novo apartado 3 ao seu artigo 46, a partir de cuxa data é posible celebrar sesións dos órganos colexiados municipais e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos.

Sobre esta base, dende o Concello de Cambre contratouse unha plataforma informática que permitiu a celebración a distancia de sesións de órganos colexiados de forma telemática, entre as que se celebrou o pleno extraordinario do 27 de maio. Pese a isto e tras unha visita á páxina web do noso concello, non se pode acceder á acta do dito pleno, sendo a última publicada a correspondente ao pleno extraordinario celebrado o pasado 16 de marzo, razón pola cal, dende o Grupo Municipal Popular se solicita do equipo de goberno que se actualice a publicación das actas plenarias celebradas pola Corporación municipal.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, recolle o rogo.

2º rogo. Dunha simple ollada á páxina web do noso concello obsérvase a existencia de imprecisións e falta de mantemento e actualización dos datos ofrecidos na dita ferramenta pública, peza clave da aplicación da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Así mesmo, o Regulamento de participación cidadá do Concello de Cambre dispón, no seu artigo 6.3, que: *“Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, publicaranse na páxina web municipal:*

- *As convocatorias das ordes do día das sesións do Pleno, ademais de no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e a Casa das Palmeiras, e anuncio nos paneis informativos luminosos*
- *As actas das sesións do Pleno*
- *Un extracto dos acordos da Xunta de Goberno Local*
- *A parte da acta das comisións informativas dedicada ao seguimento da xestión do alcalde, a Xunta de Goberno Local e os concelleiros que ostenten delegacións*
- *As percepcións mensuais dos concelleiros por asistencias aos órganos colexiados.”*

Do exposto despréndese que ademais da falta de actualización existente con carácter xeral na páxina web do concello, tampouco están actualizados os datos referidos no artigo máis arriba reproducido, como os relativos ás retribucións dos membros da Corporación, cuxos últimos datos refírense ao mes de novembro de 2019.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite a actualización dos datos que deben ser ofrecidos pola páxina web municipal.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, recolle o rogo.

3º rogo. Pese á presumible solvencia técnica da plataforma informática contratada e a suficiencia de medios existentes nunha Administración Pública como é o Concello de Cambre, foron evidentes os problemas técnicos para celebrar a distancia sesións de órganos colexiados por medios electrónicos ou telemáticos que, segundo o alcalde, existen na casa do concello.

De aí que, unha vez realizada a reforma legislativa que permite a celebración telemática de sesións de órganos colexiados municipais, desde o Grupo Municipal Popular se considera necesario remover todos os obstáculos que impidan o dificulten a realización a distancia, por medios electrónicos ou telemáticos desta clase de sesións, razón pola cal se solicita que se adopten as medidas necesarias para poder celebrar de forma correcta esta clase de sesións, naqueles supostos en que fora necesario ou recomendable levalo á práctica.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, explica que o problema non foi da plataforma en si, senón da rede wifi do concello, e agora xa está solucionado.

Preguntas do PP

1ª pregunta. Entre a inxente normativa ditada durante o estado de alarma, a disposición final 2ª do Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao Covid-19, modificou a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, engadindo un novo apartado 3 ao seu artigo 46. Modificación que permite celebrar sesións dos órganos colexiados e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos. Modificación que propiciou a contratación por parte do noso concello dunha plataforma informática desde a que poder levar a cabo a dita posibilidade.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente sobre as características máis importantes do proceso de contratación da dita plataforma, entre elas as relativas ao procedemento de licitación e adxudicación, orzamento de licitación e adxudicación, datas do proceso de contratación e posta a disposición do concello da dita plataforma.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que o procedemento de licitación foi un procedemento de emerxencia, establecido para contratos derivados da protección das persoas polo Real decreto-lei 7/2020, e regulado no artigo 120 da Lei de contratos do sector público.

O orzamento de licitación e adxudicación foi de 3.900 euros sen IVE (4.719 euros IVE incluído) para un período de 12 meses.

A factura presentouse a través de FACE o 2 de abril de 2020, acordándose a celebración de sesións extraordinarias da Xunta de Goberno Local por medios telemáticos, trala realización de probas de conexión e funcionamento, por Resolución da Alcaldía núm. 570/2020, do 28 de abril.

2ª pregunta. Segundo declaracións do propio alcalde de Cambre foron varias as reunións levadas a cabo con representantes de asociacións de empresarios e diversos colectivos do noso municipio, dende a declaración do estado de alarma.

Ante a opacidade derivada da ausencia de publicación da axenda do alcalde e concelleiros do goberno, dende o Grupo Municipal Popular requírese que se informe sobre as reunións levadas a cabo con diversos colectivos, identidade destes, temas tratados e acordos acadados.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta que esta pregunta foi formulada por escrito polo voceiro do PP o 22 de maio e respondéuselle por escrito.

Explica que con motivo da crise sanitaria orixinada pola pandemia do Covid-19 o señor alcalde e el mesmo acordaron levar a cabo unha programación de reunións coas asociacións de empresarios coa intención de elaborar un plan de choque de medidas consensuado. A día de hoxe leváronse a cabo 4 reunións:

- O 9 de abril de 2020 coa Asociación Temple Comercial
- O 16 de abril de 2020 coa Asociación Cambre Empresarial
- O 30 de abril de 2020 coas asociacións Temple Comercial, Cambre Empresarial, Polígono Industrial Espírito Santo e representación da hostalería
- E o 14 de maio de 2020 con representantes da hostalería do Concello de Cambre

Di que o resultado das reunións mantidas coas asociacións foi moi positiva, xa que serviu para potenciar a unión do tecido empresarial-comercial do concello e elaborar un plan de medidas para paliar a crise. As propostas e actuacións que se acordaron conxuntamente foron:

- Elaboración dunha listaxe dos comercios que están abertos desde o principio do estado de alarma
- Equipar aos comercios con kits de protección
- Realización de carteis de prevención polo Covid-19
- Realización dunha plataforma on-line. Respecto disto nunha das reunións presentouse ás asociacións unha plataforma creada de forma altruísta por un emprendedor do Concello para os comercios locais que posiblemente se poñerá en funcionamento dentro de pouco.
- Anulación, fraccionamento ou aprazamento das taxas da auga, lixo, terrazas,
- Desenvolvemento dun plan de formación para os comerciantes e empresarios do concello
- Modificación do parking express da zona azul de 30 minutos a 1 hora
- Ampliación dos espazos das terrazas da hostalaría do concello
- Planificación e elaboración dos espazos das terrazas consensuado cos representantes da hostalería do concello.

Destas 9 actuacións quedan por executar o cambio de horario da zona azul e o tema da plataforma on-line, porque isto último non é algo que poida facer directamente o concello, senón que debe facerse a través das propias asociacións.

Conclúe dicindo que manteñen un contacto telefónico diario con todos.

O señor alcalde engade que algunhas das propostas sobre ás que chegaron a acordo eran propostas que formularon os diferentes grupos municipais.

3ª pregunta. Ante a suspensión durante tres meses das sesións ordinarias dos órganos colexiados no noso concello, xustificadas polo noso alcalde na ausencia de asuntos a levar a pleno, ao que só poderían levarse asuntos directamente relacionados co Covid-19 e o mantemento de servizos básicos, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao señor alcalde onde aparece regulada ou imposta esa limitación que, segundo o seu parecer, impediulle convocar durante tres meses sesións ordinarias de órganos colexiados.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, no que se establece o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 e, en concreto, o artigo 7, establece a limitación da liberdade de mobilidade de persoas.

Na disposición adicional 3ª de suspensión de prazos administrativos, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación de procedementos do sector público. Esta disposición foi modificada polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que as entidades do sector público poderían acordar motivadamente a continuación de procedementos administrativos referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma e que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

De conformidade co establecido no artigo 46.2, apartado c), da Lei 7/1985, para a constitución do pleno e do resto de órganos representativos (xunta de goberno local e comisións informativas) o réxime establecido é o presencial.

Non obstante, o Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, no que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao Covid-19, na súa disposición adicional final 2ª, modifica o artigo 46 da Lei 7/1985, engadindo un novo apartado 3 que estará vixente durante o estado de alarma.

Esta modificación establece que, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, grave risco colectivo ou catástrofe pública (como é o caso da declaración do estado de alarma) que impida ou dificulte o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados dos entes locais, poderán, apreciada a conveniencia da situación descrita polo alcalde, presidente da entidade ou quen validamente o substitúa, poderá convocar, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios telemáticos e electrónicos, sempre que os membros destes órganos estean en territorio español e queda acreditada a súa identificación, debendo quedar asegurada a comunicación entre eles en tempo real e garantindo o carácter público ou secreto dos actos.

Polo tanto, e tal e como se recolle na nota informativa da Dirección Xeral de Réxime Xurídico Autonómico e Local do Ministerio de Política Territorial e Función Pública sobre a posibilidade de convocar órganos representativos de forma telemática (plenos, xunta de goberno local e comisións informativas), sinala que a celebración telemática ten un carácter excepcional, sempre que sexa necesario para garantir o correcto funcionamento do concello.

Conclúe dicindo que durante o estado de alarma, o alcalde, en virtude do que establece o artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, en casos de urxencia pode ditar actos en materia de competencia do pleno, dando conta a este na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE,
MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP

1º rogo. Nas comisións informativas do pasado mes de xaneiro, o Grupo Municipal Popular puxo en coñecemento do grupo de goberno de Cambre a situación de inseguridade existente na praza Uxío Novoneyra, así como a realización dunha serie de actos vandálicos contra o patrimonio público e privado da mencionada praza, chegando incluso a romper paneis do teito e paredes dos soportais alí existentes, deixando ao descuberto canalizacións de subministracións como a luz ou o gas, co perigo que iso entraña, ademais do importante gasto en reparacións que están xerando aos veciños do lugar coas continuas reparacións.

Lonxe de resolverse os problemas advertidos, volveuse a poñer en coñecemento deste grupo municipal a existencia de actos vandálicos, que como se advirte nas fotografías que se achegan, reiterou a rotura de paneis do teito nos soportais alí existentes, rompendo igualmente os detectores de fogo, extintores e cables situados nos garaxes do inmoble, xerando inseguridade e perigo aos veciños do lugar, ademais dun importante gasto de reparación.

Por iso, dende o Grupo Municipal Popular se interesa, unha vez máis, que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos e lograr unha maior seguridade cidadá en toda a zona, adoptando medidas como unha maior presenza policial no lugar e os seus arredores, como primeira medida de seguridade.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

O señor alcalde engade que hai colaboración entre a Garda Civil e a Policía Local para facer quendas os fins de semana.

Dona Elisa Pestonit Barreiros explica que durante o estado de alarma eses traballos non se puideron levar a cabo, pero agora xa os retomaron.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, cre que non estaría de máis unha chamada de vez en cando aos veciños por parte do goberno municipal, porque algunha vez tivo que ser el o que defendeu a xestión municipal.

Considera que este tipo de actitudes son perigosas e é perigoso que empecen a xurdir zonas deste tipo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que ela vai falar cos veciños todas as semanas, con un grupo deles. Supón que os que falan co voceiro do PP non falan con ela.

Reitera que tiveron unha reunión con eles e o que non se pode dicir é que non fan nada. Incluso a Garda Civil acude por alí de paisano, polo que non o sabe ninguén. Quere deixar claro que o feito de que non os vexan non quere dicir que non vaian.

2º rogo. Transcorridos dez meses desde o inicio das obras da estrada nacional 550 ao seu paso pola Rocha e a suspensión levada a cabo nela, é evidente o trastorno que a dita paralización supón non só para os veciños e os usuarios da dita vía, senón tamén para a seguridade viaria de toda a contorna.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite que se adopten as medidas necesarias para axilizar as obras que se están a levar a cabo na estrada nacional 550 á altura da Rocha.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que si se adoptan medidas, pero por parte de Fomento, que é o competente.

Se o que falan é de compartir información e preocupación, dilles que falaron con Fomento e dixeron que o luns reanudarán as obras.

O señor alcalde confirma que a empresa Alvac lle mandou un aviso de que o luns comezaban.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, manifesta que o que eles queren é que se solucionen os problemas, e cando piden que se adopten as medidas oportunas é iso, que se dirixan a quen teña a competencia, porque non só como grupo municipal, senón tamén como veciños o están pedindo. Eles non teñen por que ir á Administración que sexa, ao facer estas propostas non están distinguindo entre Administracións.

3º rogo. Veciños do lugar e usuarios da senda paralela ao río Mero poñen en coñecemento do Grupo Municipal Popular desprendementos na senda que provocaron a caída da varanda protectora existente nun tramo da mencionada vía, situación que persiste desde hai varios meses, co evidente perigo que iso supón para os viandantes, tal e como se desprende da fotografía que se achega.

De aí que desde o Grupo Municipal Popular se solicite do concelleiro competente que se adopten as medidas necesarias para rehabilitar, á maior brevidade posible, a senda e a varanda desprendida, devolvendo así a seguridade perdida.

O señor alcalde manifesta que xa quedou contestada, e que lle devolve a pelota, e pídelle que interceda ante a Xunta de Galicia para asinar canto antes o convenio, que seguro que terá máis forza que o equipo de goberno.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta se aceptan o rogo.

O señor alcalde contesta que si.

Dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e integrante do GM, pregunta se a varanda está sinalizada.

O señor alcalde contesta que o estaba, pero cada dous por tres o rompen. Estaba valado, chegan os ciclistas e quítano. Vense familias con nenos pasando por alí e un día vai pasar unha desgraza, e despois dirán que a responsabilidade é do alcalde.

A continuación dille á concelleira de Ciudadanos que pode incluír o rogo presentado como moción se o substitúe por outro dos que presentou, e que se o señor concelleiro non o pode contestar neste momento, que o fará por escrito.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, manifesta que si o pode contestar.

Dona María José García Hidago, de C's e integrante do GM, manifesta que entón vaino ler en lugar do rogo número 2 que tiña presentado.

Rogos do C's

1º rogo. O mantemento da distancia social como medida preventiva nos locais de hostalería fai que sexa necesario ampliar as terrazas na medida do posible e priorizando ao peón. Na rúa río Brexa existe un espazo nun alto anexo a un local de hostalería nun lamentable estado, os zócalos están corroídos polo óxido con rego de arestas soltas, as xardineiras nun estado similar, e as plantas descoidadas. Se se habilita ese espazo que segundo os veciños é de propiedade municipal, poderíase dar uso á vez que unha boa imaxe coidada polo usuario.

Achegamos fotos e rogamos que reparen os baixos, que de ser posible se ceda o espazo para a función de terraza mentres duren as medidas de distanciamento social, retirando as xardineiras ou ben manténdooas limpas e coidadas.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non fai un reproche, pero quere facer unha aclaración. Non debería formularse o rogo por quen está alí, que é un señor que mantén unha actividade, senón que tería que formularse o rogo a nivel global.

O plan respecto da Barcala é que se reparen os incidentes por mazás. A primeira foi a praza 1º de Maio, despois a mazá 3, por iso non se vai facer agora unha obra así. A terraza está alí e pódese usar.

Por isto non se acepta o rogo, porque agora non van facer esa obra, o adecuado é facer unha obra en toda a zona. Quitar a xardineira non, outra cosa é a cuestión do mantemento. Non hai posibilidade de quitala, pero o que se pode facer é acondicionala. E se o hostaleiro que vai abrir o pode arranxar, pode facelo ata decembro.

Dona María José García Hidalgo, de C's e integrante do GM, manifesta que non se trata de beneficiar a alguén. O rogo é para que se retiren ou para que se manteñan limpas as xardineiras, que se coiden as plantas.

En canto ao permiso para poñer máis mesas, terá que ter a correspondente autorización. Se agora ten seis mesas para manter a distancia de seguridade, pregunta se lle poden dicir que poña máis mesas e que o manteña limpo. Antes falouse do tema do comercio local, e agora é simplemente unha cuestión de boa vontade.

Don Juan González Leirós contesta que o que teña terrazas pode usalas, e para casos concretos pode dicirlle que se pase polo concello.

O señor alcalde engade que ten razón en que mentres estean as xardineiras terá que mantelas o concello. O outro tema é distinto, dende o concello non van alí, o interesado é o que ten que vir ao concello e solicitalo. A policía irá aló e dirá se pode ou non, pero dende o concello non se porá pega ningunha.

Conclúe que, así pois, aceptan o rogo en canto a que o concello ten que manter as xardineiras, e que despois o hostaleiro veña a solicitar o que estime conveniente.

Dona María José García Hidalgo manifesta que, de todas formas, ela pode formular este rogo porque así llelo ten trasladado o veciño.

O señor alcalde contesta que non di que non o poida facer a concelleira, pero que con isto o que ocorre é que o interesado perde tempo.

2º rogo. O catálogo galego de árbores singulares outorga a consideración de singulares ás árbores e ás formacións de calquera especie, tanto autóctona como foránea, situadas en terreos de propiedade pública ou persoal, que sexan merecedoras de medidas específicas de protección en atención ás excepcionais características do seu porte, dendrometría, idade, rareza, significación histórica ou cultural, interese científico, educativo, estético, paisaxístico ou calquera outra circunstancia que as faga merecedoras dunha especial protección.

O metrosidero que temos no noso concello, na praza de Europa, é polas súas características e especial beleza unha árbore que merece ser protexida, polo cal debería iniciarse a elaboración da solicitude de inclusión neste catálogo ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Por tanto propoñemos a esta comisión levar a acordo plenario mediante moción os seguintes acordos:

1. Elaborar unha memoria con todos os datos e características que sobre este metrosidero consten no Concello de Cambre e se nos facilite a todos os grupos municipais desta corporación.
2. Estudar presentar a solicitude da súa inclusión no catálogo galego de árbores singulares.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non aceptan o rogo. Segundo pon no rogo o da significación do metrosidero é polas súas características, que o fan digno de ser protexido. Esa é unha afirmación que ela fai, é unha presunción, un acto de especulación no bo sentido.

O da beleza é un extremo que habería que valoraralo. O que habería que facer é un estudo sobre o tema, un estudo que será colectivo con motivo do Plan xeral ou dun expediente xeral, pero non para un caso concreto. Nese estudo xeral será onde se meterá o metrosidero, non agora.

Dona María José García Hidalgo, de C's e integrante do GM, manifesta que se non trae máis datos é porque a parte propoñente non o ten que facer, é o concello o que ten que establecer as características desa árbore. Ao mellor elaboran unha memoria e resulta que non cumpre. Pero eles néganse a aceptar a solicitude, sen sequera cuestionarse o asunto. Ela non o ten que facer, pídelles a eles que fagan o estudo e que se é preciso digan que non se pode facer esa catalogación polos motivos que sexan.

Don Juan González Leirós expón que o que están dicindo é que o concello cre que se ten que facer un proceso xeral, non só para unha árbore concreta, senón para todas as árbores singulares do municipio. O que propón facer para unha soa árbore o concello non o vai facer, pero se ela quere facelo, está no seu dereito.

Conclúe reiterando que non van iniciar ese proceso de estudo desa árbore concreta para iniciar un proceso de catalogación, e iso non supón deixar de recoñecer a categoría da árbore.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que cre que só pola propia especie da árbore xa ten protección, e estráñalle que se neguen a facer ese estudo, cando se sabe os ataques que se están levando á árbore incluso coa obra que está levando a cabo o concello. É unha árbore singular. Pecharse en banda, dicindo que a concelleira de Ciudadanos presupón, a el parécelle que o concelleiro tamén está presupoñendo.

Dona María José García Hidalgo reitera que habería que facer o estudo da árbore para ver se merece a pena presentar esa solicitude. Cre que resulta déspota ao dicirlle que o faga ela. Ela a quen lle ten que preguntar é a el, non a unha empresa. Se ela o quixera iniciar, faríao, pero se o trae aquí é porque quere que sexa o concello quen o faga, e o que constata é que simplemente se está negando a valorar a árbore para ver se merece a pena presentar a solicitude.

Don Juan González Leirós manifesta que a concelleira está no seu dereito en facer unha proposta, e eles non a aceptan. Simplemente o que lle dixo é que ela pode facelo.

En canto ao que dixo o concelleiro do PP sobre os ataques á árbore, pregúntalle se pode presentar un aval de que haxa recibido eses ataques.

Están facendo unha presunción. Pide que maticen as palabras, porque ataques é un termo bastante duro. Virá unha empresa especialista e dirá se houbo ataques ou non.

3º rogo. A vía que discorre dende a casa do pobo de Meixigo ata o cruzamento que vai cara a Bribes foi rozada ata aproximadamente uns 200 metros, a partir de aí está sen limpar e os coches ráianse coa maleza, ademais de impedir a visibilidade. Rogamos se continúe a roza ata o cruzamento e se nos diga unha data previsible para a dita actuación.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que si é un camiño municipal e que se rozou a parte máis ancha. Como despois é máis estreito vaise facer con outro tractor máis pequeno. A data prevista para facelo é durante o mes de xuño.

Preguntas do PP

1ª pregunta. Coa declaración do estado de alarma o pasado 13 de marzo deixamos pendentes as polémicas obras de urbanización existentes na Barcala, ás que se engadiron, entre outras, o comezo das obras na parroquia do Temple, así como a nova urbanización da praza Europa en Cambre.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se solicite información sobre as intervencións levadas a cabo por datas dende o pasado 13 de marzo nas ditas obras de urbanización da Barcala, O Temple e praza Europa de Cambre.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que as obras continuaron durante o estado de alarma agás, cre lembrar, na Semana Santa e a semana anterior que estiveron paralizadas polo Goberno Central. Reiniciáronse e seguiron o proceso normal, o ritmo foi o normal.

2ª pregunta. Foron varias as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular solicitou a emisión de informe sobre a provisión e acumulación de materiais de obra na entrada da urbanización A Barcala (entre elas a realizada por rexistro o 4 de decembro de 2019), e teñen sido varias as ocasións nas que o concelleiro de Urbanismo, Sr. González Leirós, se comprometeu, dende entón, á entrega do informe elaborado polo arquitecto municipal, a última delas requirida o pasado 4 de xuño, dándose finalmente traslado a esta parte do dito informe o pasado mércores 10 de xuño. Desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao mencionado concelleiro como é posible que a data do mencionado informe sexa do 5 de xuño.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que se asinou o 5 de xuño. Di que non entende o que quere preguntar. O 4 de xuño falou co concelleiro e dille que lle sorprende que non estea feito. Foi ao arquitecto e o día que se fixo é o día que está asinado.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, insiste en que en xaneiro, en febreiro e en marzo pediuno e entregouse o 5 de xuño.

Don Juan González Leirós responde que está feito do 5 de xuño.

3ª pregunta. Tralo expurgo levado a cabo nas bibliotecas de Cambre e o traslado dos fondos bibliográficos, material, mobiliario e persoal desde a biblioteca central de Cambre á súa nova localización na Casa da Cultura, as previsións de apertura desta última situábanse a finais do mes de xaneiro.

Non obstante e trala posta en coñecemento pola concelleira de Cultura do atraso na apertura da biblioteca central de Cambre respecto da data inicialmente prevista debido a algúns “imprevistos”, o certo e verdade é que a día de hoxe, seis meses despois da data inicialmente prevista para a súa apertura, a Casa da Cultura de Cambre segue sen abrirse e os veciños do noso municipio sen os servizos propios desta.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro competente sobre os imprevistos citados e a súa persistencia, así como o resultado das obras e as previsións de apertura.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que a construción tivo dúas fases, unha construtiva de Urbanismo e outra de Cultura. As obras están terminadas e rematadas. O resto da pregunta terá que ir a outra comisión.

Preguntas de C's

1ª pregunta. Estes días non hai presenza de operarios nas obras da praza 1º de Maio da Barcala, nin en beirarrúas e garaxes, teñen finalizado as obras do concello?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non, que están a punto de finalizar.

2ª pregunta. De non estar terminada, que elementos ou remates están a día de hoxe pendentos?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non ten agora a listaxe. As obras están terminadas, e a praza 1º de Maio está en funcionamento. Despois hai uns cables que hai que reparar, falta a rotonda, faltan pequenos axustes. Son temas puntuais.

Dona María José García Hidalgo, de C's e integrante do GM, pregunta se lle poden facilitar unha listaxe.

Don Juan González Leirós contesta que si.

3ª pregunta. Na rúa río Miño unha tubaxe atópase distanciada da parede entre un portal e un local. Unha instalación deficiente, insegura e perigosa cara á rúa no caso de tratarse dunha tubaxe de gas. Comprobou o concello para que é usada esa tubaxe solta? Achegamos fotografía.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, manifesta que dicir nunha pregunta que a instalación é deficiente e perigosa é especulación. O que poden facer é mandar unha nota a Industria e á empresa do gas. Farán a xestión e agardarán a que lles contesten. É un tema de Industria.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos do PP

1º rogo. Tendo en conta os prexuízos que están sendo ocasionados aos usuarios da biblioteca central de Cambre co desmantelamento das instalacións na súa antiga localización desde o pasado 23 de decembro, isto é, seis meses sen biblioteca central en Cambre, dende o Grupo Municipal Popular requírese ao equipo de goberno que se adopten as medidas necesarias para contar unha biblioteca central en Cambre.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, acepta o rogo.

2º rogo. O Concello de Cambre é dos poucos concellos non pertencentes á Asociación de concellos do Camiño Inglés, asociación que pretende, entre outros obxectivos, a reactivación socioeconómica dos territorios polos que transcorre o dito camiño.

Á vista de que a necesidade de reactivación socioeconómica do noso concello é imprescindible para saír da crise económica na que nos atopamos actualmente, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que se estude, á maior brevidade, a posible e inmediata adhesión do noso concello á dita asociación.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta que están abertos a entrar na asociación, sempre e cando a asociación sexa fiscalizada por

habilitados nacionais.

3º rogo. A vista da entrada inminente do verán e o perigo de incendios forestais que nos axexa, dende o Grupo Municipal Popular se interesa do equipo de goberno que se adopten todas as medidas ao seu alcance para previr e loitar contra os efectos de eventuais incendios forestais que poidan producirse no noso municipio, máxime neste ano no que as esixencias do confinamento provocaron a limpeza de montes, leiras e camiños.

Don Daniel Mallo Castro, presidente da comisión, explica que este rogo non pertence a esta comisión informativa e que debería terse tratado na anterior.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, contesta que eles o consideran unha cuestión de benestar social. Entende que a seguridade cidadá tamén está incluída en benestar social e pode tratarse nesta comisión. Podería contestarse máis aló da desidia de poder contestar ou non. Solicita que conste en acta que se dan razóns peregrinas para non contestar.

Don Daniel Mallo Castro manifesta que non se trata de razóns peregrinas.

Don Juan María Abalo Castex insiste en que se trata dunha cuestión de seguridade cidadá.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, do PSdeG-PSOE, manifesta que o presidente da comisión é o que está considerando onde debe ir esta cuestións, e se o señor Abalo non está de acordo, iso é outra cousa. Cada pregunta debe ir onde corresponde.

Don Juan María Abalo Castex reitera que se buscan razóns peregrinas para non contestar, aínda que sexan as preguntas máis sinxelas do mundo.

Preguntas do PP

1ª pregunta. Desde o inicio da declaración do estado de alarma, desde o Grupo Municipal Popular foron reiterados os escritos que en distintas datas e a través de distintos medios diriximos ao señor alcalde para os efectos de que se nos informara sobre o número de beneficiarios do servizo de axuda a domicilio prestado a instancias ou coa participación do Concello de Cambre, antes da declaración da situación de emerxencia sanitaria polo Goberno galego (isto é, antes do 13 de marzo) e número de beneficiarios do dito servizo na primeira semana do mes de abril, e en cada un dos momentos nos que se presentaron os oportunos escritos ata que se contestara.

Das ditas peticións tan só recibimos (s.e.u.o.) un escrito asinado polo señor alcalde, o pasado 14 de maio, no que sen contestar ao que reiteradamente se lle pregunta, refírese que se está a traballar para acadar na dita data o 100% dos servizos e poder establecer máis altas de usuarios, prestándose na dita data a máis do 80% do total e reactivando cada semana máis servizos a petición dos propios usuarios.

Á vista do anterior, desde o Grupo Municipal Popular vólvese a reiterar ao alcalde de Cambre que se nos informe sobre o número de beneficiarios do servizo de axuda a domicilio prestado a instancias ou coa participación do Concello de Cambre antes da declaración da situación de emerxencia sanitaria polo Goberno galego (isto é, antes do 13 de marzo), así como o número de beneficiarios do dito servizo na primeira semana do mes de abril, na primeira semana do mes de maio, no día 31 de maio ata hoxe.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que esta información, o número de usuarios, fluctúa por diversas casuísticas, non só polo tema do Covid. A 13 de marzo eran 128 usuarios; na primeira semana de abril 39, con 11 baixas voluntarias; a primeira semana de

maio 38 servizos activos e 16 usuarios en suspensión voluntaria; a data 17 de xuño, 116 activos e 16 en suspensión.

2ª pregunta. Ante a inminente reactivación polo noso concello dos campamentos urbanos de verán, que terán como destinatarios a nenos de 4º, 5º e 6º de educación infantil, primaria e 1º da ESO, destaca na presente convocatoria a necesidade de incrementar as medidas hixiénico-sanitarias que eviten eventuais contaxios do Covid-19.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro competente sobre as medidas hixiénico-sanitarias que se prevén levar a cabo nos ditos campamentos e a súa difusión entre os usuarios e as súas familias.

Don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade, contesta que se van a adoptar todas as medidas previstas. Os campamentos faranse en tres localizacións distintas, darase cumprimento á ratio monitor/alumnos, será obrigatorio o uso de máscaras, agás entre os 3 e 5 anos, entregaranse xeles e estase a preparar un protocolo de actuación.

Darase toda a información a través da páxina web, así como ás familias que o vaian solicitando.

3ª pregunta. Tralo confinamento dos últimos meses e a reapertura das instalacións deportivas municipais, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta polo necesario protocolo de seguridade a seguir na dita reapertura para os efectos de conseguir a maior seguridade dos usuarios.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que o protocolo xa está na páxina web municipal dende o momento en que se abriron as instalacións.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, manifesta que facer preguntas e que os remitan á páxina web non lle parece serio.